Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Augas

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Fonte da Perdiz

A Fonte da Perdiz está en Santalla de Pena, concello de Begonte (Lugo). Dous rapaces da casa de Fro viñan de noite de ver dúas mozas e cerca da fonte que chaman da Perdiz, a carón dunha finca de centeo, sentiron unha cousa rara. Eles pensaron se sería un encanto. Aquelo insistía, veña pola finca adiante, rego vai e rego vén. Eles non sabían moi ben o que era pero por encanto "lo trataban".

-Encanto, ¿que es que nos querías?

Entonces viron que era un can que tiña un axóuxere precioso amarrado no pescozo e o can seguía correndo, indo e vindo. Cando se achegaba, falábanlle:

-Encanto, ¿que nos querías?

Dunha vez dixeron :

-Esto é un encanto que nos apareceu aquí. Vámoslle pedir que se é un encanto que se presente a nós.

Pero sentían tocar o axóuxere e non vían nada.Despois o can achegouse e eles trataron de agarimalo pero non lles esperaba; deu en correr e eles foron tras del. O can parou nunha casa.

Os rapaces chamaron á porta:

-¡Vostedes saben que teñen ..., esto?

-Non.

-¿Nin coñecen este can?

-Non.

-Pois este é un encanto que atopamos nosoutros.

Saíu unha señora que había na casa e di:

-¡Vaia, vaia!, dous rapaces tan novos e que axiña encontraron os encantos.

-E a vostede, señora, que ten experiencia de algo, ¿que lle parece?

E di ela:

-Pues eso es una cosa buena, hombre; una cosa buena.

Eles marcharon e pareceulles oír así como unha música, na noite. E íanse achegando a ela e non vían nada.

Pasou e outro día, de alí a pouco, viñan do traballo e na Fonte da Perdiz pararon a coller auga. Pois na mesma fonte sentían tocar eles aquela orquestra. Dicían eles:

-¡Estamos encantados! ¡Estamos en gracia de Dios! ... ¡Oír esto!

E cada vez que os rapaces ían á fonte sentían a música e ían os demais e non sentían nada.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

Arquivo Chaira: Información de EVANGELINA LAGE CAMPO, A Chafareta, Baamonde, Begonte (Lugo). 3 de novembro de 1992.

Bibliografía:

CUBA, X. R., REIGOSA, A., «Xeografía mítica da provincia de lugo (I): Cen lugares con lenda», en Croa, nº 8, 1998, pp. 42-63.